



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II

Materia	Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II			
Código	P02G050V01603			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Rey Cao, Ana Isabel Vicente Vila, Pedro			
Profesorado	Carballo Afonso, María Rocío Rey Cao, Ana Isabel Vicente Vila, Pedro			
Correo-e	anacao@uvigo.es pvicente@uvigo.es			
Web	<a href="http://www.portaleducacionfisica.es">http://www.portaleducacionfisica.es</a>			
Descrición xeral	Materia que aborda a planificación, programación, execución, posta en práctica e avaliación de procesos de ensino - aprendizaxe no eido das actividades físicas e deportivas			

## Competencias

Código	
CG1	Conceptualización e identificación do obxecto de estudo das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
CG11	Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
CG12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
CG15	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino- aprendizaxe relativos á actividade física e do deporte, con atención ás características individuais e contextuais das persoas.
CG16	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e do deporte.
CG18	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, aos diferentes campos da actividade física e o deporte.
CG20	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde da práctica de actividades físicas inadecuadas.
CG25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.
CG26	Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.
CE4	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde dos escolares debido á práctica de actividades físicas inadecuadas
CE6	Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e do deporte

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Conceptualización e identificación do obxecto de estudo da Didáctica dos procesos de ensino aprendizaxe na Actividade Física e do Deporte.	CG1 CG2 CG15

Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da Didáctica dos procesos de ensino aprendizaxe na Actividade Física e do Deporte.	CG2 CG13 CG15	
Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.	CG11 CG13	
Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e o Deporte.	CG12 CG26	
Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.	CG13 CG25 CG26	
Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade física e do deporte, con atención ás características individuais e *contextuales das persoas.	CG11 CG15 CG16 CG20	
Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e deporte entre a poboación escolar.	CG13 CG25	
Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, aos diferentes campos da actividade física e o deporte.	CG18	CE4
Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde dos escolares debido á práctica de actividades físicas inadecuadas.	CG13 CG20	
Capacidade para planificar, desenvolver e avaliar a realización de programas de deporte e actividade física escolar.	CG15 CG16 CG25 CG26	
Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e do deporte.		CE6
Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.	CG13 CG25 CG26	
Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.	CG26	

## Contidos

Tema	
Bloque 1. Planificación dos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte.	<input type="checkbox"/> Evolución e conceptos de planificación e programación. Fases do proceso programador: análise previa, elaboración, execución e avaliación <input type="checkbox"/> O proceso de ensino-aprendizaxe no marco dunha planificación. <input type="checkbox"/> Os procesos didácticos na planificación do ensino deportivo no marco formativo do deporte escolar ou do club de base.
Bloque 2. Niveis de concreción e unidades de programación na planificación a medio e longo prazo.	<input type="checkbox"/> Lexislación educativa na educación física. Análise e aplicación. <input type="checkbox"/> Os niveis de concreción curricular e os seus elementos constituíntes. <input type="checkbox"/> A programación. Finalidades, tipos e deseño.
Bloque 3. Avaliación e control nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e do deporte.	<input type="checkbox"/> A avaliación: conceptos e definicións. <input type="checkbox"/> Clases de avaliación. <input type="checkbox"/> Instrumentos de avaliación. <input type="checkbox"/> Referentes legislativos para a avaliación curricular en educación física.
Bloque 4. A dimensión investigadora do profesorado. A indagación reflexiva, base da formación do profesorado.	<input type="checkbox"/> O profesorado de educación física como investigador. <input type="checkbox"/> A investigación-acción. <input type="checkbox"/> Ferramentas para a investigación educativa.
Bloque 5. Recursos e materiais didácticos na actividade física e o deporte. Análise e rentabilización educativa.	<input type="checkbox"/> Recursos didácticos para o ensino da educación física e o deporte. <input type="checkbox"/> Materiais didácticos para o ensino da educación física e o deporte. <input type="checkbox"/> Contorna educativa e organización do espazo deportivo educativo. <input type="checkbox"/> Contorna educativa e adaptación á diversidade.
Bloque 6. Educación en valores e a súa didáctica nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte.	<input type="checkbox"/> Os valores e principios éticos na educación física e o deporte. <input type="checkbox"/> Educación para o consumo. <input type="checkbox"/> Educación física sustentábel. <input type="checkbox"/> Educación física desde a perspectiva intercultural. <input type="checkbox"/> Educación física e saúde. <input type="checkbox"/> Creatividade. <input type="checkbox"/> A perspectiva de xénero a través da actividade física e do deporte

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	0	20	20
Presentación	3	7	10
Seminario	0	5	5

Saídas de estudo	6	0	6
Resolución de problemas	11	10	21
Lección maxistral	22	21	43
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Práctica de laboratorio	3	20	23
Traballo	1	20	21

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	Realizaranse diversas prácticas vinculadas aos contidos e competencias do proceso de planificación didáctica do ensino da educación física e do deporte.
Presentación	O alumnado presentará e realizará dunha forma activa presentacións e/ou exposicións relacionadas cos contidos da materia e defensa dos mesmos en pequeno e gran grupo.
Seminario	A titoría en grupo será unha condición fundamental para o entendemento e correcta orientación das presentacións e exposicións, así como para clarificar diversos aspectos do ensino/aprendizaxe dos procesos de planificación didáctica.
Saídas de estudo	Poderanse desenvolver saídas para a observación ou deseño e dirección de sesións de intervención práctica vinculadas aos bloques de contidos do currículo oficial de educación física na educación secundaria obrigatoria en Galiza.
Resolución de problemas	Deseño, programación e impartición de tarefas vencelladas os contidos da materia
Lección maxistral	A lección maxistral pretende dotar ao alumno das ferramentas conceptuais dos contidos da materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	Presentación/exposición individual ou grupal das unidades didácticas os proxectos educativos deseñados e desenvolvidos polo alumnado no proceso de intervención didáctica.
Seminario	Tutela e asesoramento sobre o deseño e elaboración das unidades didácticas, proxectos educativos ou programación didáctica a entregar. Nestas titorías oriéntase ó alumnado sobre o proceso de elaboración dos devanditos documentos. En ningún caso estas titorías son parte do proceso de avaliación destes documentos.
Saídas de estudo	Establécese a posibilidade de observación, ou deseño e dirección de procesos de intervención didáctica noutros espazos diferentes a propia Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Presentación	Exposición pública e presentación por escrito dunha Unidade Didáctica ou Proxecto Educativo vencellado ás sesións prácticas aleatorias deseñadas e dirixidas seguindo os principios da didáctica.	20	CG1 CG2 CG11 CG12 CG13 CG15 CG16 CG20 CG25 CG26
Exame de preguntas obxectivas	Proba escrita tipo test sobre os contidos teóricos da materia	40	CG1 CG2 CG11 CG12 CG13 CG15 CG16 CG20 CG25 CG26
Práctica de laboratorio	Seguimento do desenvolvemento da dirección e deseño das sesións prácticas e a implicación do alumnado nas prácticas, a participación na discusión das tarefas e os tópicos propostos en clase B e C	10	CG2 CG25 CG26

Traballo	Presentación escrita dunha programación anual de educación física ou dunha planificación didáctica	30	CG1 CG2 CG11 CG12 CG13 CG15 CG16 CG20 CG25 CG26
----------	--	----	--

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Será necesario aprobar todas as ferramentas de avaliación para supera-la materia. Manteranse os mesmos criterios para aprobar nas sucesivas convocatorias. Calquera alumno ou alumna matriculado na materia ten a obriga do cumprimento destes requisitos para a obtención dunha cualificación positiva na mesma. Non existe ningunha posibilidade de manter partes da materia aprobadas procedentes de anteriores cursos académicos.

As datas de exame poden ser consultadas na xeb da facultade [www.fcced.uvigo.es](http://www.fcced.uvigo.es)

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Annichiarico Ramos, Rubén, **Manual de Didáctica de la Educación Física**, 1ª, Annichiarico R.J., 2005

Blández, J., **Programación de unidades didácticas según ambientes de aprendizaje.**, INDE, 2000

Contreras, O., **Didáctica de la E.F.**, INDE, 1998

Fernández, J., Ruiz, M., Fuster, M., **Los materiales didácticos de Educación Física**, Wanceulen, 1997

Galera, A., **Manual de Didáctica de la E.F.**, Paidós, 2001

Rey-Cao, A. e González-Palomares, A., **El género en los ojos. Lectura crítica de fotografías en educación física**, Tándem. Didáctica de la Educación Física, 60, 2018

Sánchez Bañuelos, F., **Didáctica de la E.F.**, Prentice Hall, 2002

Zagalaz, M., **Corrientes y tendencias en la E.F.**, INDE, 2001

#### Bibliografía Complementaria

SCOPUS,

Senners, P., **La Lección de Educación Física.**, INDE, 2001

SPORTDISCUS,

Torres, J., **El currículum oculto**, Morata, 1996

Vázquez, B., **Bases educativas de la Actividad Física y el Deporte**, Síntesis, 2001

Zagalaz, M., **Los enfoques curriculares en la enseñanza de la Educación Física.**, Prentice Hall, 2002

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Pedagogía da educación física e o deporte/P02G050V01103

Educación: Epistemoloxía das ciencias da actividade física, o deporte e a educación física/P02G050V01301

Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I/P02G050V01501

### Plan de Continxencias

#### Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisíbel evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

A) Metodoloxías docentes que se modifican

Realizaranse as mesmas metodoloxías docentes que as contempladas nunha situación sen alerta pero adaptándoas a unha modalidade online. A tal fin empregárase o Campus Remoto e outras ferramentas como Zoom, ademais de Fatic ou Moovio (e aquelas outras que estean dispoñíbeis no momento e poidan ser empregadas de mutuo acordo polo alumnado e o profesorado para desenvolverse na materia).

Polo tanto as metodoloxías serán:

- Lección maxistral. Realizarase a través do Campus Remoto. Terán como soporte para o seu seguimento documentación e material didáctico dispoñíbel en Claroline.
- Traballo tutelado. O alumnado traballará en grupo mediante ferramentas como google drive ou dropbox. En caso de imposibilidade de acceso a estes recursos, o traballo poderá ser individual. A entrega será online mediante plataforma de teledocencia (Claroline). Desenvolvemento de xuntanzas de titoría virtuais cos grupos de traballo nos medios a disposición no campus remoto (despacho virtual, sala de xuntas).
- Resolución de problemas. Realizaranse online mediante o Campus Remoto e outras plataformas para a docencia online como Zoom, Moodle ou Google Classroom. Para avaliación tamén empregaranse ferramentas da plataforma Google, Kahoot ou outras apps semellantes. A entrega das tarefas poderá ser por correo electrónico ou por plataforma de teledocencia Faitic.
- Prácticas de laboratorio. Realizaranse online a través de Zoom e o Campus Remoto da Uvigo. Algunhas poderán ser enviadas en forma de tarefa que o alumnado terá que realizar de xeito autónomo e cumprimentar unha avaliación. As tarefas estarán orientadas ao deseño de sesións/unidades didácticas/proxectos educativos dirixidos ao ensino e aprendizaxe no eido das actividades físicas e deportivas.

#### B) Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As titorías desenvolveranse a través do campus remoto.

Ana Rey Cao -Sala 2129 (<https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/912187149>)

Pedro Vicente Vila -Sala 2704 (<https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/655079582>)

Rocío Carballo Afonso - Sala 396.

(<https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/663555700>)

Como alternativa, só cando sexa necesario, realizaranse por correo electrónico (pvicente@uvigo.es; anacao@uvigo.es, rociocarballo@uvigo.es).

A profesora Ana Rey Cao poderá empregar a ferramenta Doodle para a xestión das titorías.

O protocolo de titoría virtual no Campus Remoto establece a obriga de concertar cita previa mediante correo electrónico no enderezo pvicente@uvigo.es

#### C) Outras modificacións

No caso da semipresencialidade as metodoloxías poderán realizarse nun contexto presencial pero modificando as prácticas motrices de tal xeito que se respecte a distancia interpersonal e o esforzo físico sexa moi moderado. As prácticas pasarán a ser exemplificacións dalgúns alumnos/as (que rotarán na participación) e o resto do alumnado analizará esas prácticas. Empregarase a modalidade de ensino en pequenos grupos.

#### === ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

\* Probas pendentes que se manteñen

- Proba: Presentación. Presentación por escrito dunha Unidade Didáctica ou Proxecto Educativo vencellado ás sesións prácticas aleatorias deseñadas e dirixidas seguindo os principios da didáctica. [Peso anterior 20%] [Peso Proposto 30%]

- Proba: Traballo. Presentación escrita dunha programación anual de educación física ou dunha planificación didáctica. [Peso anterior 30%] [Peso Proposto 50%]

- Proba. Resolución de problemas: [Peso anterior 10%] [Peso Proposto 20%]

---